

# A VIDA NA MONTAÑA

## PRODUTOS DE CALIDADE

A natureza, as condicións ambientais e, sobre todo, a adicación da xente, fan posible que a montaña produza materias primas de alta calidade (carne, leite, mel, castañas...) e derivados delas moi apreciados. Algúns destes produtos están protexidos por Denominacións de Orixe específicas que garanten a súa procedencia e calidade.



Afumado de queixos de San Simón da Costa.



Porco celta, unha raza autóctona galega en expansión que se cría con métodos naturais e da que se elaboran produtos de alta calidade.



### Lacón galego.

Amparado por unha Indicación Xeográfica protexida. Ten que ser de porcos de raza celta, large-white, landrace, duroc e os seus cruces.

Embutidos de porco: chourizos, androllas e botelos.

### Ternea Galega.

Amparada por unha Denominación Xeográfica Protexida. Carne de tenreira de menos de 10 meses procedente de razas autóctonas galegas ou dos seus cruces.

Adela Leiro  
Mon Daporta

### Queixos galegos con Denominación de Orixe



Mel de Galiza. Indicación Xeográfica protexida.



Queixo do Cebreiro



Queixo de San Simón da Costa



Queixo de Tetilla



Queixo de Arzúa-Ulloa



Distintas preparacións de castañas: en almibre, secas, marrón-glacé.